

acordado o seu cese” (STS do 16 de xuño de 1978, 9 de outubro de 1979 e 31 de decembro de 1983), en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente, esta Alcaldía

RESOLVE:

1º.—Ordena-lo cese da actividade de Carpintería exercida sin licencia por parte de Carpintería Tino, SL, representada por Celestino Castro Fariña en Pitaxo, nº 19, por non contar con licencia municipal de funcionamento.

2º.—En caso de que se persistise na realización da actividade dausurada no punto 1º desta Resolución, procederase ó precinto da instalación polo Servicio da Policía Local, en data e hora que se comunicará ó interesado.”

Contra esta Resolución, que pon fin á administrativa, poderáanse interpoñer os seguintes recursos:

- a) Potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación.
- b) Contencioso Administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da recepción desta notificación.
- c) Calquera outro que estime procedente.

No caso de interposición de recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva o de reposición. No caso de resolución expresa o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses dende a notificación da resolución do recurso de reposición. En caso da non resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses contado a partires do día seguinte ó do remate do prazo de un mes, dende a interposición sen que este se resolva e notifique.

Marín, 13 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, Francisco A. Veiga Soto. **2009000478**

A N U N C I O

Non producíndose reclamacións á Ordenanza Reguladora da Taxa pola Prestación de Servizos nos Cemiterios Municipais é considerándose aprobada definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Marín establece a taxa pola prestación de servizos nos cemiterios municipais, a que se refire o artigo 20.4.p) do citado Real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación dos servizos nos cemiterios municipais, tales como:

- Asignación de espazos para enterramentos (concesións de panteóns, nichos ou sepulturas municipais).
- Concesión de terreos para construción de panteóns ou sepulturas, e transmisión das mesmas.
- Prestación dos servizos de inhumación e exhumación, e calquera outros que, de conformidade co establecido no Decreto 134/1998, de 23 de abril, polo que se aproba o Regulamento de policía sanitaria mortuoria da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais disposicións que resulten de aplicación, sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

1.—Estarán obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuínte:

- a) Os titulares das concesións de sepulturas ou parcelas.
- b) Os familiares herdeiros das persoas falecidas para cuxo enterramento se soliciten licenzas ou servizos determinados.

2.—Serán substitutos do contribuínte as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, dedicadas á prestación de servizos funerarios, cando solicitasen ao Concello, en nome dos suxeitos pasivos, a prestación dos servizos que constitúen o feito imponible.

Artigo 3. Responsables

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de enterramentos de falecidos carentes de recursos económicos e cadáveres sen identificar por orde xudicial.

Artigo 5. Cota tributaria

A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

CONCESIÓN TEMPORAIS:

- A. Parcela (para construción de panteón sobre terreo):
Por período de 75 anos: 262,00 euros/m².
- B. Panteón:
Por período de 75 anos: 5.300,00 euros.
- C. Nicho:
Por período de 10 anos: 150,00 euros.
Prórrogas (2 anos): 30,00 euros.
- D. Cinceiros/columbarios:
Por período de 10 anos: 30,00 euros.
Prórrogas (2 anos): 6,00 euros.

LICENCIAS:

- A. INHUMACIÓN:
Nicho - filas: 78,00 euros.
Soterrado: 86,00 euros.
- B. EXHUMACIÓN:
Nicho - filas: 65,00 euros.
Soterrado: 92,00 euros.
- C. TRASLADOS: 80,00 euros.
TRANSMISIONES: 10 euros.

Artigo 6. Devengo

A taxa devéngase cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, para estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude daqueles.

Artigo 7. Normas de xestión

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación do servizo de que se trate.
2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma polo Servizo de Xestión Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o, entrará en vigor e será de aplicación unha vez sexa aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, conforme ás disposicións vixentes na ma-

teria, sendo de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

Marín, 20 de xaneiro de 2009.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Veiga Soto. **2009000749**

A N U N C I O

Non producíndose reclamacións ó Regulamento dos Rexistro Municipal de Asociacións é considerándose aprobado definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

O Rexistro Municipal de Asociacións é un organismo que quere recoller todas as entidades sen ánimo de lucro que actúan dentro do marco territorial do concello de Marín. Trátase de coñecer a situación real das asociacións existentes, para definir as liñas que impulsen a consolidación dun tecido social organizado e moderno que busque vías e se axuste mellor aos intereses dos cidadáns de hoxe, para participar e actuar nos asuntos que lles preocupan.

Art. 1

O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxecto permitirle ao Concello coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins, representatividade e incidencia, para os efectos de posibilitar unha política municipal adecuada que contribúa a fortalecer o tecido asociativo do noso concello.

Art. 2

O Rexistro Municipal de Asociacións é independente do Rexistro Xeral de Asociacións autonómico, polo que a inscrición das entidades ou organizacións neste último non suporá a inscrición no primeiro.

Art. 3

O rexistro dependerá da Secretaría Xeral e a súa xestión e mantemento serán realizados pola unidade administrativa encargada dos asuntos de participación cidadá (consellos municipais), seguindo as directrices establecidas pola secretaría do Concello.

Art. 4

Os datos contidos no Rexistro Xeral de Asociacións serán públicos.